

## **ORDENANZA NUMERO 6**

### **REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACION PRIVATIVA OU O APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POLA OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO LOCAL, CON MERCANCÍAS, MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN, VALLAS, PUNTAIS, ANDAMIOS E OUTRAS INSTALACIONES ANALOGAS. FUNDAMENTO LEGAL.-**

#### **ARTIGO 1º. -**

De conformidade co previsto no artigo 57 do RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establecece a *taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local pola ocupación de terreos de uso público local, con mercancías, materiais de construcción, vallas, puntais, andamios e outras instalacións análogas.*

#### **FEITO IMPOÑIBLE.-**

##### **ARTIGO 2º.-**

Determinarase pola realización de calquera dos aproveitamentos sinalados no artigo 3º, e a obriga de contribuir nacerá no momento de solicita-la correspondente licencia ou desde que se inicie o aproveitamento, cando se producira sen a oportuna autorización.

Respecto dos aproveitamentos mediante vallas, andamios, etc., a obriga de contribuír nacerá cando se solicite a licencia para a execución das obras que leven aparelhada a necesidade de instalalas, ou cando exista un beneficio do aproveitamento, si se procedera sen a oportuna autorización.

##### **ARTIGO 3º.-**

Será obxecto desta exacción a ocupación do solo e vó da vía pública con:

- a) Contenedores para recollida de materiais de entullos, en obras de construcción e outras actividades similares.
- b) Vallas, puntais, andamios ou outras instalacións axeitadas para a protección da vía pública das obras que entestan.
- c) Mercancías.

##### **ARTIGO 4º.-**

Cando a utilización de vallas, andamios e outros elementos similares sexa obrigatoria por disposición das Ordenanzas de edificación deste Concello, ocasionarán o devengo dos dereitos aínda cando non sexan solicitadas polos interesados.

#### **SUXEITO PASIVO.-**

##### **ARTIGO 5º.-**

Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuintes, as persoas físicas e xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da nova Lei Xeral Tributaria 58/03 de 17 de decembro, que disfruten, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular, conforme a algún dos supostos expresados no anterior 3º desta ordenanza.

Están obrigados solidariamente ó pago, as persoas naturais ou xurídicas:

- Titulares das respectivas licencias.
- Propietarios ou posuidores das obras ou edificios nos cales redunde o beneficio do aproveitamento.
- Quen materialmente realice o aproveitamento

#### **RESPONSABLES.-**

##### **ARTIGO 6º.-**

Cando a utilización privativa ou o aproveitamento especial leve aparellada a destrución ou deterioro do dominio público local, o beneficiario, sen perxuício do pago da taxa a que houbera lugar, estará obrigado ó reintegro do custe total dos respectivos gastos de reconstrucción ou reparación e ó depósito previo do seu importe, según á conta que formule a oficina técnica municipal.

Si os danos foran irreparables, a entidade será indemnizada en contía igual ó valor dos bens destruídos ou a o importe do deterioro dos danados.

O Concello non poderá condonar total ou parcialmente as indemnizacións e reintegros a que se refire o presente apartado.

## **EXENCIONS.-**

### **ARTIGO 7º.-**

Estarán exentos do pago dos dereitos, os aproveitamentos resultantes de:

a) Obras que realice directamente ou por administración o Estado, a Provincia, a Comunidade Autónoma e as Mancomunidades ou agrupacións de que forme parte o Municipio e as que éste execute ou contrate.

b) Servicios de comunicacións e obras que inmediatamente interesen á seguridade e defensa do territorio nacional e que realicen, directamente ou por contrato, o Estado, a Provincia, a Comunidade Autónoma, as Mancomunidades ou agrupacións sinaladas no apartado anterior.

As exencións sinaladas no número anterior declararanse pola administración municipal, previa solicitude dos interesados.

## **REDUCCIONS E BONIFICACIONES.-**

### **ARTIGO 8º.-**

Non se concederá redución ou bonificación ningunha.

## **BASE IMPOÑIBLE**

### **ARTIGO 9º.-**

Tomarase como base da presente exacción o tempo de duración dos aproveitamentos, en canto ós sinalados nos apartados a), b) e c) do artigo 3º respectivamente:

- A superficie, en metros cadrados, ocupada polos contenedores, cun mínimo de 6 m<sup>2</sup>.
- Os metros cadrados de vía pública delimitados ou sobrevoados polas vallas, puntais, andamios ou outras instalacións análogas. A efectos da determinación da superficie ocupada por un andamio tomarase como ancho mínimo o de 1,20 m.
- Os metros cadrados de afección do dominio público que deriven da ocupación das mercancías.

## **CUOTA TRIBUTARIA**

### **ARTIGO 10º.-**

A cuota tributaria consistirá na cantidade resultante de fixar unha tarifa e calcularase atendendo ás características da vía na que se realice a ocupación.

A tal fin as rúas do municipio clasificaranse nas categorías que figuran de seguido.

Nos supostos en que o espazo afectado figure na confluencia de dúas ou mais rúas clasificadas en distintas categorías, aplicarase a tarifa correspondente á rúa de categoría superior.

<b>Zona</b>	<b>Descrición do tipo de rúa</b>	<b>Custo ocupación m<sup>2</sup>/mes (€)</b>
A	Zona Industrial (numero 8 ) tal e como figura na clasificación do Anexo da Ordenanza Fiscal Xeral.	5,1
B	Zonas 1 , 2, 3 segundo a clasificación do Anexo da Ordenanza Fiscal Xeral	4,59

C	Zonas 4, 5 , 6, segundo a clasificación do Anexo da Ordenanza Fiscal Xeral	3,2
D	Zona rural (numero 7) do Anexo da Ordenanza Fiscal Xeral	2,2

**ARTIGO 11º.-**

7.- Cando se trate de ocupación con vallas da vía pública, con carácter mínimo e sempre que por aplicación da precedente tarifa non se acade outra superior percibirase a cantidade de 14,10 euros/mes; tratándose de vallas voladas, andamios, puntais e outros elementos de apeo a cuota mínima será de 7,00 euros/mes.

Os puntais e andamios que estén situados dentro do perímetro limitado pola valla non darán lugar á liquidación por tal tarifa, incluíndose nas cuotas correspondentes ó concepto específico de vallas. A partir do sexto mes a tarifa por ocupación da vía pública con vallas experimentará un incremento acumulativo do 10% por cada mes de exceso e mentras as obras non remataran.

**INFRACCIONS E SANCIONS.**

**ARTIGO 12º.-**

Sen contido

**ARTIGO 13º.-**

En todo caso, as infraccións e sancións en materia tributaria rexiranse polo disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei Xeral tributaria e a súa normativa de desenvolvemento e a Ordenanza Xeral de Inspección , Xestión e Recadación

**APROBACION E VIXENCIA.-**

**DISPOSICION FINAL**

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación no exercicio 2011 permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.